

## EDICTO

O Alcalde do Concello de Ferrol, dictou con data 08/04/2020 un Decreto cuio tenor literal dí:

### ANTECEDENTES:

Con data de 14/03/2020 publicouse no BOE o **Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma en todo o territorio nacional por un prazo de quince días naturais** para a xestión da situación de crise sanitaria motivado pola elevación da OMS da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional que require a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta coxuntura.

Este RD 463/2020 foi modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo e prorrogado polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo ata o vindeiro 12 de abril de 2020 ás 00:00 horas.

A declaración do estado de alarma establece limitacións á liberdade de circulación das persoas e se complementa con o Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta axena que non presten servizos esenciais, con o fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID.

A declaración do estado de alarma tamén supón, entre outras medidas, **a suspensión da apertura ao público dos locais e establecementos minoristas**, con as seguintes **EXCEPCIÓNS:**

- Establecementos comerciais minoristas de
  - alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade
  - establecementos farmacéuticos, sanitarios, centros ou clínicas veterinarias
  - ópticas e produtos ortopédicos,
  - produtos hixiénicos
  - prensa e papelería
  - combustible para a automoción
  - estancos
  - equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións
  - alimentos para animais de compañía
  - comercio por internet, telefónico ou correspondencia
  - tintorerías, lavanderías
  - o exercicio profesional da actividade de peluquería a domicilio

O sinalado Real Decreto establece asemesmo que *“en calquera caso, se suspenderá a actividade de calquera establecemento que, a xuízo da autoridade competente, poda supor un risco de contaxio polas condicións nas que se esté desenvolvendo”*

Pola súa banda, o Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, considera como servizos esenciais os de:

- Abogados, procuradores, graduados sociais, tradutores, intérpretes e psicólogos e que asistan ás actuacións procesais non suspendidas polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, deste xeito, cumpran con os servizos esenciais fixados consensuadamente polo Ministerio de Xustiza, Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas con competencias na materia e plasmados na Resolución do Secretario de Estado de Xustiza de data 14 de marzo de 2020, e as adaptacións que no seu caso podan acordarse.
- Os servizos prestados en despachos e asesorías legais, xestorías administrativas e de graduados sociais, e servizos axenos e propios de prevención de riscos laborais, en cuestións urxentes.
- Los prestados en las notarías y registros para el cumplimiento de los servicios esenciales fijados por la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública.
- Entidades Financeiras

De xeito que, fóra destas excepcións, o resto de actividades comerciais e profesionais vense afectadas pola suspensión da súa actividade dende a data de declaración do estado de alarma, é dicir, dende o día 14 de marzo de 2020.

Con data 05/04/2020 a Tesoureira municipal emitiu informe ao respecto das medidas municipais que se poden adoptar nas PPPNT do subministro de auga potable, sumidoiros, recollida de residuos sólidos urbáns e taxa por depuración con respecto ás actividades afectadas polo cese de actividade segundo a declaración do estado de alarmas así como as súas prórrogas adoptadas e que se podan adoptar ata a finalización do mesmo.

Con data de hoxe, 08/04/2020, a entidade EMAFESA informa sobre o procedemento legalmente acordado así como os conceptos que se inclúen no caso de locais ou establementos “sen actividade”. O dito informe dispón o seguinte:

*“El procedimiento que tenemos establecido en EMAFESA conforme a la normativa municipal en vigor es el que te detallo a continuación:*

## **1. Normativa de referencia**

Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora de la tasa por suministro de agua potable.

*Este servicio no tiene la consideración de servicio de recepción obligatoria. Por lo tanto, de acuerdo con el artículo 2 de la Ordenanza, el hecho imponible se produce por la actividad de gestión del suministro de agua potable a las viviendas, locales y en general inmuebles del término municipal de Ferrol, así como aquellos organismos que son abastecidos a través de otras redes de titularidad del Concello de Ferrol.*

*Conforme al artículo 11, las altas y bajas de abonados se liquidarán por períodos de un mes, sin perjuicio de que la petición de alta o baja sea atendida inmediatamente. La solicitud de baja no es*

*efectiva hasta el momento de corte del suministro y precintado de la instalación, quedando el abonado obligado a facilitar el acceso a su instalación al personal de EMAFESA.*

*Ordenanza Fiscal nº 17, reguladora de la tasa de depuración de aguas residuales.*

*Según sus artículos 2º y 8º se trata de un servicio de recepción obligatoria.*

*Por otro lado, el artículo 9.b.3 contempla la posibilidad de exención de aquellos inmuebles que tengan consumo cero en su suministro, entendiéndose por tales los que están en situación de baja en la tasa de abastecimiento de agua.*

*Ordenanza número 1, reguladora de la prestación patrimonial de carácter público no tributario correspondiente a los servicios de tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos.*

*El artículo 2 señala que la prestación de este servicio es de recepción obligatoria.*

*No obstante, el artículo 7 contempla unas cuotas en función de la naturaleza y destino de los inmuebles (actividad) y de la cantidad estimadas de basura producida para su posterior tratamiento. Y, concretamente, respecto a la recogida de RU, contempla en el Grupo 4 los “Locales sin actividad.” Respecto al tratamiento de residuos, no se contempla el Grupo de “Locales sin actividad”, ya que al carecer de actividad no producen residuos y, en consecuencia, no hay posterior tratamiento.*

*Ordenanza número 2, reguladora de la prestación patrimonial de carácter público no tributario de red de sumideros (alcantarillado).*

*Según sus artículos 2º y 9º se trata de un servicio de recepción obligatoria.*

*Por su parte, el artículo 7 señala que la tarifa vendrá determinada por la cuota de servicio establecida en cada caso más la cuota de consumo. En este sentido, se contempla la tarifa nº 5 para los “locales sin actividad” que tiene señalada una cuota de servicio de 2,63 €/mes y cuota de consumo 0.*

## **2. Tratamiento de los locales sin actividad**

*De acuerdo con lo anterior, cuando un abonado solicita la baja del contrato o el cambio de tarifa por cese de actividad, se procede de la siguiente manera:*

- 1. Se da de baja la tasa de abastecimiento de agua potable y depuración de aguas residuales. La baja no es efectiva hasta el momento de corte del suministro y precintado de la instalación.*
- 2. Se produce un cambio de tarifa en la tasa de saneamiento, quedando encuadrado en la tarifa 5 “locales sin actividad.”*
- 3. Se produce un cambio de tarifa en la tasa de RU, quedando encuadrado en la tarifa del Grupo 4 “locales sin actividad” para la tasa de recogida, y exento de la tasa de tratamiento de residuos (Sogama).*
- 4. Al estar en situación de baja en abastecimiento de agua potable no se factura Canon del Agua de la Xunta de Galicia.*

*Lo que pongo en tu conocimiento a los efectos oportunos.”*

O Secretario Xeral do Concello con data de hoxe, 08/04/2020, emitiu o seguinte informe:

*“Vistos os antecedentes, e dado que o peche dos locais afectos a actividade ten lugar forzosamente polo ministerio da lei, procede entender que debe aplicarse o procedemento que Emafesa dispón para os locais e establecementos “sen actividade”, tendo en conta que o peche do suministro non pode realizarse fisicamente polas restricións do propio estado de alarma.*

*En todo caso esta será unha medida temporal vinculada a que unha vez finalizada a obriga de cese de actividade como consecuencia do estado de alarma debido ao Covid-19 restablecerase a situación preexistente de cada abonado; tampouco, en caso algún, implicará o cese das obrigas contraídas polos usuarios anteriormente*

*Debido a estas excepcionais circunstancias e para non agravar máis a situación económica dos cidadáns os atrasos que se veñen cobrando por Emafesa con relación á taxa de depuración poderá pospoñerse o seu cobro con posterioridade ao cese do estado de alarma para todos os usuarios.”*

Á vista de todo anteriormente exposto o Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Ferrol ven a aprobar o seguinte:

**Primeiro:** Aplicar o procedemento que Emafesa dispón para os locais e establecementos “sen actividade”, tendo en conta que o peche do suministro non pode realizarse fisicamente polas restricións do propio estado de alarma, nas condicións contidas no informe da Secretaría Xeral transcrito anteriormente.

**Segundo:** Conceder aos afectados un prazo de solicitude de aplicación destas medidas ata o vindeiro 30/04/2020, éste incluído, para solicitar e acreditar, mediante o epígrafe do IAE e demais documentos acreditativos que podan ser esixidos, o peche efectivo de locais ou establecementos afectos ás actividades cesadas polo ministerio da Lei, segundo a normativa de desenvolvemento da declaración do estado de alarma. De estas medidas exclúense as actividades cesadas polo ministerio da Lei que contén con financiación pública.

**Terceiro:** Debido a estas excepcionais circunstancias e, para non agravar máis a situación económica dos cidadáns, os atrasos que se veñen cobrando por Emafesa a todos os usuarios con relación á taxa de depuración, pospoñerase o seu cobro unha vez teña cesado o estado de alarma.

Ferrol, na data da sinatura dixital